

Xoves, 3 de decembro de 2020

Núm. 234

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEAREAS

Persoal, oposicións

*BASES CONVOCATORIA PERSOAL DE EMERXENCIAS E EXTINCIÓN DE INCENDIOS/
CONDUTOR*

ANUNCIO

APROBACIÓN BASES ESPECÍFICAS PARA A CONFECCIÓN DE LISTAXES DE CONTRATACIÓN E NOMEAMENTO DE PERSOAL TEMPORAL E CONVOCATORIA PARA A PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS NA CATEGORÍA DE PERSOAL DE EMERXENCIAS E EXTINCIÓN DE INCENDIOS/CONDUTOR.

Con data 19 de novembro de 2020 aprobouse mediante Decreto nº 2020-2934, as Bases Específicas para a confección de listaxes de contratación e nomeamentos de persoal temporal na categoría de Persoal de Emerxencias e Extinción de Incendios/Condutor, así como a aprobación da convocatoria para a presentación de instancias no prazo de 20 días naturais a partir do día seguinte á data de publicación deste anuncio no BOP.

**BASES ESPECÍFICAS PARA A CONFECCIÓN DE LISTAXES DE CONTRATACIÓN
E NOMEAMENTO DE PERSOAL TEMPORAL NO CONCELLO DE PONTEAREAS
NA CATEGORÍA DE PERSOAL DE EMERXENCIAS E EXTINCIÓN
DE INCENDIOS/CONDUTOR.**

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Vistas as bases xerais para a confección de listaxes de contratacións de funcionarios interinos e de persoal laboral temporal, aprobadas mediante Decreto nº 2018-1119 de data 3 de maio de 2018, publicadas no BOPPO nº 97 de data 22 de maio de 2018, cuxo texto consolidado foi publicado no BOPPO Nº 193 de data 5 de outubro de 2018, procédese a confeccionar as bases específicas e convocatoria para a categoría de Persoal de Emerxencias e Extinción de Incendios/Condutor.

Mentras esté en vigor a limitación que establece o artigo 19.dos da Lei 6/2018, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018, é necesario acreditar no expediente de contratación posterior a celebración do proceso selectivo que a contratación se produce unicamente para casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:7FFJCVUJHUYB8XS



Xoves, 3 de decembro de 2020

Núm. 234

Aquelas persoas que superen o proceso selectivo pasarán a formar parte da listaxe de selección de persoal temporal no Concello de Ponteareas, coa finalidade de ser utilizadas como sistema preferente para a cobertura de contratacións e nomeamentos de carácter temporal, para prazas ou postos de traballo na categoría de Persoal de Emerxencias e Extinción de Incendios/ Conductor.

2.- REQUISITOS

1. Os requisitos que a continuación se enumeran serán imprescindibles para o acceso á praza:

a) Ser español ou nacional de algún Estado membro da Unión Europea, ou ser o seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito ou ser descendentes dos primeiros ou do cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores dependentes, ou ser persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola comunidade europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, todo o anterior nos termos e coas salvedades do Art. 57 do TREBEP.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, polo que non se deberá padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións, e en concreto deberán aportar ante o tribunal o día de inicio das probas físicas, un certificado ou informe médico, con unha data de expedición que non supere os tres meses anteriores a data de celebración da primeira proba física, no que se faga constar expresamente o seguinte: “que reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados nestas bases.”

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso a corpos ou escalas de funcionarios. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos o acceso á función pública.

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/84, do 26 de decembro, de incompatibilidade de persoal ao Servizo das administracións públicas, e do Real Decreto de desenvolvemento 598/85, do 30 de abril.

f) Non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos, conforme establece o artigo 13.5 da Lei 26/2015, do 28 de xullo, de Modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, naqueles postos que así se especifique.



Xoves, 3 de decembro de 2020

Núm. 234

g) Estar en posesión da seguinte titulación:

- ESO ou equivalente

h) Estar en posesión do carnet de conducir tipo C+E.

2. Todos os requisitos esixidos deberán posuílos as persoas aspirantes o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data en que se formalice a contratación.

3. En relación ao acceso ao emprego público de persoas con discapacidade, deberá achegarse coa solicitude, acreditación documental tanto do grao de discapacidade esixido (igual ou superior ao 33%) como a compatibilidade da discapacidade co desenvolvemento das tarefas propias mediante copia da certificación expedida polo órgano competente da Administración autonómica.

4. Os/as aspirantes deberán solicitar a oportuna adaptación de tempos e medios, sinalando as súas necesidades específicas, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte o disposto no Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como a normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación. Os tribunais poderán requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

5.-Xunto coa solicitude que figurará no Anexo I das Bases, e que deberá presentarse debidamente cumprimentada e asinada, deberá aportarse fotocopia do DNI ou pasaporte.

3.- INSTANCIAS

1) As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado deberán facelo constar mediante unha instancia dirixida ao Sr. Alcalde Presidente do Concello de Pontearreas segundo do modelo establecido no Anexo I das presentes Bases, debidamente cumprimentado e asinado.

Deberá achegarse xunto a instancia fotocopia do Documento Nacional de Identidade ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios, así como fotocopia de toda a documentación necesaria para acreditar os requisitos mínimos de acceso recollidos no punto 2 das presentes bases e, no seu caso, fotocopias da documentación acreditativa dos méritos alegados para o proceso selectivo.

Neste senso, no concurso só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias.

Para ser admitido no proceso correspondente os aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación segundo no modelo do Anexo I que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que expire o prazo de presentación.



Xoves, 3 de decembro de 2020

Núm. 234

2) O prazo para presentar as solicitudes será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación das Bases xunto coa convocatoria no BOP de Pontevedra.

Estas bases publicaranse íntegras no taboleiro electrónico do Concello e na páxina Web www.ponteareas.gal, apartado de Oferta de Emprego Público, así como na Sede Electrónica do Concello e Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

3) A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro xeral do Concello de Ponteareas emprazado en rúa A Xiralda s/n, 36860-Ponteareas, de luns a venres en horario de 9 a 13 horas, ben en calquera das formas establecidas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; as solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas.

Así mesmo, para as solicitudes que se presenten a través da oficina de Correos ou nun rexistro diferente ao do Concello de Ponteareas será necesario remitir unha copia da solicitude rexistrada ao correo recursoshumanos@ponteareas.es, nun prazo máximo de 3 días hábiles posteriores ao remate do prazo de presentación de instancias.

4) Os aspirantes con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude, neste senso, as persoas con discapacidade recoñecida que, como consecuencia da mesma, presente especiais dificultades para a realización das probas selectivas reguladas nas presentes bases, poderán formular petición concreta na solicitude de participación, na cal deben reflectir as necesidades específicas que teñan para acceder ao proceso de selección. En tal caso, e para efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non da concesión do solicitado, o candidato xuntará o ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao de minusvalía competente, acreditando de forma que faga fe, a deficiencia ou deficiencias permanentes que deron orixe ao grao de minusvalía recoñecido, nos termos que resultan da ORDE PRE/1822/2006, de 9 de xuño, do Ministerio da Presidencia, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

5) As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse no prazo sinalado a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que llas remitirán seguidamente ao organismo competente.

6) Os aspirantes quedan vinculados aos datos que consten na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, ben de oficio, ben a instancia de parte.

7) A documentación acreditativa tanto dos requisitos como dos méritos que aleguen posuír para a súa valoración na fase de concurso deberá presentarse a través de fotocopias.

Para acreditar a experiencia laboral, deberase facer a través de certificado de servizos prestados expedido por administración pública ou contrato de traballo acompañado de vida laboral.



Xoves, 3 de decembro de 2020

Núm. 234

Se non se presentara fotocopia do mérito que se desexe alegar no prazo indicado, este non se terá en conta a efectos da súa puntuación.

4.- DEREITOS DE EXAME

Non se establece taxa para a realización do presente proceso selectivo.

5.- PROCEDIMENTO SELECTIVO

O procedemento selectivo será a través de concurso-oposición, e a nota final resultante será a suma das dúas fases.

Soamente accederán a fase de concurso, aqueles que houberes superado a fase de oposición.

Todos os exercicios da fase de oposición serán obrigatorios e eliminatorios debendo alcanzarse a puntuación mínima establecida en cada un de eles, para poder acceder ao posterior exame ou fase de selección.

Os aspirantes comparecerán ás diferentes probas provistos do seu DNI ou documento fidedigno, que poderá ser esixido polo órgano de selección en calquera momento durante o desenvolvemento de cada proba.

Na realización e corrección dos exercicios escritos garantírase o anonimato, para o que o tribunal poderá utilizar os medios que considere oportunos, e quedarán automaticamente anulados os exames asinados e os que conteñan datos que identifiquen o persoal asinante, sinais ou marcas que puidesen romper o anonimato, así como aquel que resulte ilexible.

No caso de empate final remítese ao especificado no punto 6 do Texto Consolidado das Bases Xerais de Selección de Funcionario Interino e Persoal Laboral do Concello de Pontearreas.

1.- Oposición

Os aspirantes previa á fase de concurso deberán superar a fase de oposición, na que na parte física se cualificará de apto ou non apto, sendo necesaria a cualificación de apto en cada proba para poder acceder a seguinte e a fase posterior de concurso.

1º exercicio. Probas de aptitude física: Este exercicio é de carácter obrigatorio e eliminatorio. A súa execución será pública, pero non se permitirá a súa gravación por medio audiovisual ningún, xa que podería afectar á seguridade, ao dereito á intimidade persoal, e á propia imaxe dos intervinientes na mesma.

Os aspirantes deberán acudir á proba coa indumentaria deportiva adecuada a cada especialidade.



Xoves, 3 de decembro de 2020

Núm. 234

Como xa se recolle no punto 2.1.b) destas bases, o día de inicio das probas, os aspirantes deberán aportar ante o tribunal, un certificado ou informe médico, con unha data de expedición que non supere os tres meses anteriores a data de celebración da primeira proba física, no que se faga constar expresamente o seguinte:

“que reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercicios físicos que figuran especificados nestas bases.”

1.- *Proba de forza combinada.* Este exercicio é de carácter obrigatorio e eliminatorio:

- Suspensión en barra fixa durante 40 segundos, cos brazos flexionados e agarre coas palmas cara o corpo, coa cabeza superando a barra sen tocala. (1 intento)
Descanso de 30 segundos.
- Realizar 12 flexiones consecutivas, brazos totalmente estendidos e debendo superar o mentón a barra. (1 só intento)
Descanso de 30 segundos.
- Executar 20 repeticións en press de banca con 45 kg (36 kg para as mulleres), nun tempo inferior ou igual os 30 segundos, debendo executar o exercicio en cada unha das flexións tocando o peito coa barra e elevándoa a máxima extensión dos brazos. (1 só intento)

2.- *Proba 1000 m. Carreira de velocidade de 1000 m.*

Descrición: Estableceranse as quendas que o órgano de selección estime oportuno. Os/as aspirantes situárense por orde a tres metros da liña de saída, e a única voz que se utilizará é a de: “Aos seus postos”, intre no que se terán que situar detrás da liña de saída sen pisala e de pé. O disparo de saída efectuarase unha vez que o xuíz comprobe que todos os participantes estean na posición axeitada.

Regras: O cronómetro porase en marcha no momento da detonación e deterase cando o/a participante acade a vertical do bordo máis próximo da liña e meta co seu tronco.

Para superar esta proba é preciso realizala nun tempo máximo de 3’ 25’’ homes e 3’35’’ mulleres.

3.- *Salto de lonxitude.*

Salto de lonxitude a pes xuntos sen carreira. Dous intento. Valorarase o mellor resultado dos dous.

Para superar esta proba é preciso saltar 210,0 centímetros os homes, reducíndose en 8,8 cm. dita marca para as mulleres.

4.- *Natación: resistencia xeral en medio acuático*

- O/A aspirante nadará no seu estilo preferido a distancia de 50 metros en piscina. A voz de “xa” comezará a proba que finalizará no momento en que o executante toque a parede da piscina do lugar de saída. Os participantes iniciarán a proba segundo a disposición adoptada, ben por zambullida ou por impulsión sobre a parede.



Xoves, 3 de decembro de 2020

Núm. 234

Normas: durante a proba deberá tocarse a parede dos extremos da piscina. A indumentaria para a execución da proba consistirá en traxe de baño, gorro e lentes unicamente. Non se permitirá a utilización de elementos que faciliten a acción de nadar.

Para superar esta proba é preciso realizala nun tempo máximo de 40 segundos homes e 45 segundos mulleres, sen axuda de elementos exteriores.

2º exercicio. Teórico. De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar por escrito, no tempo que estime o órgano de selección, a un cuestionario tipo test de 40 preguntas, como mínimo, máis catro de reserva, con catro respostas alternativas por pregunta, relacionadas coas materias que figuran no Anexo II, cuestionario a determinar polo órgano de selección.

Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará un terzo do valor asignado á contestación correcta; non se puntuarán as non contestadas. Cualificarase cunha puntuación de cero (0) a dez (10) puntos; será necesario para superalo obter un mínimo de cinco (5) puntos.

O Tribunal de Selección se reserva o dereito de rebaixar o umbral de corte se o número de aptos non garanta, o seu xuízo, unha concorrencia suficiente para o resto do proceso.

No prazo de vinte e catro (24) horas hábiles seguintes á celebración do exame, publicarase o contido do exercicio e o cadro de respostas correctas no taboleiro electrónico do Concello sen prexuízo de que, de forma complementaria, se publique na páxina web do Concello.

3º exercicio práctico.

Consistirá en resolver un ou varios supostos prácticos ou, realizar as tarefas que propondá o órgano de selección, relacionadas coas materias obxecto do temario, no tempo establecido polo tribunal de selección.

Igualmente dentro deste mesmo exercicio realizarase unha proba de carácter práctico de condución que evaluará:

a) axilidade, manexo e aptitude no que se refire á execución de manobras.

b) Habilidade na condución dun vehículo do servizo polo circuío proposto polo órgano de selección.

Para a realización deste exercicio deberá comparecer provistos do permiso de condución esixido. O órgano de Selección declarará excluído do proceso selectivo ao aspirante que non cumpra os requisitos esixidos nestas bases, respecto do devandito permiso.

A cualificación do exercicio será de cero (0) a dez (10) puntos; queda eliminado/a o/a aspirante que non obteña un mínimo de cinco (5) puntos. Corresponderalle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar esta puntuación mínima.



Xoves, 3 de decembro de 2020

Núm. 234

A puntuación de cada aspirante neste exercicio será a media aritmética das cualificacións de todos os membros do órgano de selección asistentes á sesión. Non se terá en conta a puntuación máis alta e a máis baixa (só unha delas en caso de empate) sempre que entre elas exista unha diferenza de 3 puntos o máis.

5ª.- Proba de Galego. A proba de galego será obrigatoria e non eliminatoria.

Consistirá nunha tradución dun texto de castelán ao galego ou viceversa.

Este proba se puntuará de 0 a 1 puntos, estando exentos da realización deste exercicio aqueles aspirantes que na solicitude de participación, indicaran que posuían o Celga 4 ou equivalente, e así o acrediten no prazo indicado polo tribunal, previamente a proba de galego, outorgándolles directamente 1 punto como puntuación da proba.

2.- Concurso

a) Formación na praza obxecto da convocatoria, cun máximo de 2 puntos, nos seguintes termos:

a.1) Por cursos relacionados coas funcións propias da praza a que aspira e impartidos por administracións públicas, colexios profesionais, universidades, Fundación Estatal para a Formación e o Emprego (Fundación Tripartita), ou por outras entidades ou empresas, sempre que neste último caso veñan homologados por administracións públicas, segundo o baremo seguinte:

- Cursos de 20 horas a 39 horas: 0,10 puntos.
- Cursos de 40 horas a 59 horas: 0,20 puntos.
- Cursos de 60 horas a 99 horas: 0,35 puntos.
- Cursos de 100 horas a 149 horas: 0,50 puntos.
- Cursos de máis de 150 horas: 1 puntos.

b) Experiencia: A puntuación máxima nesta base será de 2 puntos valorándose a experiencia na praza obxecto da convocatoria ou similar categoría nos seguintes termos:

- 0,10 puntos por cada mes de experiencia acreditado na administración pública.
- 0,05 puntos por cada mes de experiencia acreditado na empresa privada.

6.- CONFECCIÓN E FUNCIONAMENTO DAS LISTAXES.

Unha vez finalizado o proceso selectivo confeccionaranse a correspondente listaxe ordenada de maior o menor puntuación, e que servirán para efectuar os chamamentos co fin de realizar as contratacións temporais necesarias, para a categoría das presentes bases.

No caso de discapacidade, e con carácter previo á contratación, deberá acreditarse a través de certificado do órgano competente, a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo.



Xoves, 3 de decembro de 2020

Núm. 234

Con anterioridade á toma de posesión o candidato/a terá que aportar, certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais de conformidade co artigo 13.5 da Lei 26/2015 de 28 de xullo, no caso de non ter marcado no Anexo I a autorización ao Concello para a solicitude de oficio, así como o resto da documentación requirida nas bases.

As persoas integrantes da lista terán a obriga de comunicarlle ao departamento de Persoal calquera variación no seu enderezo postal, enderezo electrónico ou teléfono, con respecto aos sinalados na solicitude de participación, e mantelos permanentemente actualizados durante a vixencia da lista.

O chamamento das persoas aspirantes farase segundo o aprobado nas Bases Xerais de Selección de Funcionario interino e persoal laboral no Concello de Pontearreas para a confección de listaxes de contratacións de funcionarios interinos e de persoal laboral temporal, aprobadas mediante Decreto nº 2018-1119 de data 3 de maio de 2018, publicadas no BOPPO nº 97 de data 22 de maio de 2018, cuxo texto consolidado foi publicado no BOPPO Nº 193 de data 5 de outubro de 2018.

7.- CONTRATACIÓN E CESAMENTO

A contratación do persoal que, conforme ao procedemento sinalado nestas normas, sexa designado para desempeñar un posto de traballo de carácter temporal na categoría de Persoal de Emerxencias e Extinción de Incendios/Conductor, realizarase mediante Resolución da Alcaldía, formalizándose no contrato laboral que proceda.

Cando o contrato laboral temporal sexa por acumulación de tarefas ou obra o servizo determinado deberá terse en conta que non poderá realizarse contratacións laborais, con persoas que houberan alcanzado o prazo máximo de contratación (6 meses) dentro de un período de 12 meses (os contratos de acumulación de tarefas) ou os que nun prazo de 30 meses houberan estado contratadas durante un prazo superior a 24 meses mediante dous ou máis contratos para o mesmo o diferente posto de traballo, ou poidan alcanzar dito prazo con un novo chamamento, e cando se trate dun contrato de obra o servizo no decreto de nomeamento deberá acreditarse especificamente a autonomía y sustantividad propia de la obra o servizo a realizar así como el carácter temporal y limitado de la obra o servizo a realizar

As persoas aspirantes contratadas cesarán polas causas legalmente establecidas.

8.- TRIBUNAL

Os membros do tribunal cualificador serán designados por Resolución de Alcaldía, segundo o disposto no art.60 do TREBEP, art. 59 da LEPG , e no art. 4 do R.D. 896/1991, de 7 de xullo, polo que se establecen a regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección traballadores da Administración Local, así:



Xoves, 3 de decembro de 2020

Núm. 234

1. Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e de paridade entre mulleres e homes.

2. O tribunal cualificador estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes, sendo a súa composición a seguinte: presidente, secretario e tres vogais, tendo en conta a paridade entre homes e mulleres. Todos os membros terán voz e voto.

Os membros dos órganos de selección deberán pertencer a un corpo ou escala para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta representación por conta de ninguén. Non poderán formar parte do tribunal as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos ou laboral temporal, o persoal eventual, e as persoas que nos últimos 5 anos anteriores á publicación da convocatoria houberan realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou houberan colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

4. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas con voz e sen voto, que deberán ser nomeados previamente polo mesmo órgano que nomeou o tribunal, cando as circunstancias así o aconselle, limitándose os mencionados asesores a prestaren a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

5. Por resolución do/a Alcalde/sa-Presidente/a, e xuntamente coa lista definitiva de admitidos, se incluírá os nomeamentos dos membros titulares e suplentes do tribunal cualificador, resolución que se publicará no taboleiro de anuncios da Corporación, así como na páxina web www.pontareas.gal.

6. Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenrolo do proceso selectivo.

7. Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, comunicándolle ao/á Sr/a. Presidente/a do mesmo cando conorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando conorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.



Xoves, 3 de decembro de 2020

Núm. 234

8. O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe o/a presidente/a para cada un dos procesos selectivos convocados, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros de cada tribunal, titulares ou suplentes, e en todo caso o Presidente/a e Secretario/a ou os seus suplentes.

Na sesión constitutiva de cada tribunal adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso.

9. A partir da sesión de constitución o tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e ás bases xerais e específicas reguladoras de cada convocatoria.

10. No caso de ausencia do presidente titular e do presidente suplente actuará no seu lugar ou vogal designado en primeira orde.

11. Os membros do tribunal e os seus asesores que asistan ás sesións percibirán as axudas de custo pola súa asistencia segundo a contía legalmente establecida.

12. Ao tribunal corresponderalle o desenvolvemento e cualificación das probas selectivas, estando vinculado na súa actuación ás presentes bases, supletoriamente será de aplicación as normas recollidas na Lei 40/2015 para os órganos colexiados. As comunicacións que formulen os aspirantes ao tribunal dirixiranse a seu presidente/a e serán presentadas no rexistro xeral do Concello.

13. A presidencia do tribunal coordinará e realización do proceso selectivo e dirimirá os posibles empates co seu voto de calidade. Os acordos do tribunal poderán ser obxecto de recurso de alzada ante o Alcalde/sa nos termos recollidos para este tipo de reclamación na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

14. O tribunal poderá contar ademais coa asistencia de persoal colaborador na vixilancia das probas de selección nas que polo número de aspirantes convocados, requírase persoal de apoio.

9.- INCIDENCIAS

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar as decisións precisas para o normal desenvolvemento do proceso selectivo ao amparo da lexislación vixente.

10.- RÉXIME XURÍDICO

O non previsto nestas bases regularase polo disposto nas Bases Xerais de Selección de Funcionario Interino e Persoal Laboral temporal no Concello de Pontearreas e, no non previsto nelas, aplicarase o establecido na lexislación vixente de aplicación.

11.- RÉXIME DE IMPUGNACIÓN

Contra este acto de aprobación de bases, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes, ou ben directamente recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses.



Xoves, 3 de decembro de 2020

Núm. 234

Contra a resolución do Alcalde/sa-Presidente/a, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, artigos 112 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.

Contra o acordo do tribunal de lista definitiva de puntuacións que de remate ao proceso selectivo, poderase interpoñer recurso de alzada ante o Sr/a. Alcalde/sa no prazo dun mes, a partir do día seguinte a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello, de acordo co establecido no artigo 121 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra os actos de trámite do tribunal que non decidan directa o indirectamente no fondo do asunto, poderán ser alegados polos interesados para a súa consideración na resolución que poña fin o procedemento do proceso selectivo.

Os actos administrativos que deriven destas bases e as actuacións dos tribunais, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Administración local tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei 39/2015, de 1 de outubro.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar as decisións precisas para o normal desenvolvemento do proceso ao amparo da lexislación vixente.

12.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

Estas bases vinculan ao Concello de Pontearreas, os tribunais cualificadores, as persoas aspirantes, a comisión de seguimento das bolsas e as persoas que integren as bolsas de emprego que se constituán.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira.- Estas listaxes terán unha duración inicial de dous anos, e senón se efectuase preaviso ben pola parte social afectada ou ben polo Concello, un mes antes do remate das mesmas, entenderanse prorrogadas anualmente.

De existir o preaviso correspondente, continuarán vixentes ata que entren en vigor as que resulten da negociación correspondente.

Segunda.- O Concello poderá en calquera momento, se constatase a insuficiencia de candidatos necesarios, abrir novos prazos para apertura na categoría correspondente, o que implicará unha nova valoración e a creación dunha nova listaxe.



Xoves, 3 de decembro de 2020

Núm. 234

ANEXO I
SOLICITUDE PROCESO SELECTIVO PERSOAL LABORAL CONCELLO
PONTEAREAS

- PRAZA SOLICITADA

Denominación:	Minusvalía %:
Persoal Emerxencias (Grupo III)	E-mail:

DATOS PERSOAIS

Apelidos:		Nome:	D.N.I.:	
			Sexo:	
Data Nacemento:	Enderezo particular:		C.P.:	Teléfono:
Localidade:	Provincia:	Nacionalidade:		

a) **TÍTULOS ACADÉMICOS**

Títulos:	Centro de Expedición:	Data:
Acreditación Galego:	Centro de Expedición:	Data:

Indicar cunha "X" o idioma no que desexa realizar o exame:

GALEGO	<input type="checkbox"/>	Castelán	<input type="checkbox"/>
--------	--------------------------	----------	--------------------------

A persoa que asina abaixo, solicita ser admitida no proceso selectivo ao que se refire esta instancia, e declara que son certos os datos consignados nela, que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral do Concello de Ponteareas e as sinaladas expresamente nesta convocatoria, e comprométese a acreditar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude, no momento de chamamento ou contratación.

Asinado..... de de 20.....



ANEXO II

1.- TEMARIO

Parte xeral

Tema 1.—A Constitución española de 1978. Deberes e dereitos fundamentais dos españois. O Tribunal Constitucional. O Defensor do pobo.

Tema 2.—O Municipio. Organización municipal. Competencias do municipio. Rúas de Pontearreas e parroquias.

Tema 3.—O persoal laboral: concepto, selección e adquisición da condición de contratado laboral fixo. Dereitos, deberes e incompatibilidades. O contrato de traballo: conceptos e forma, características, modalidades, duración, suspensión e extinción.

Tema 4.—Estatuto de Autonomía de Galicia.

Parte específica

Tema 1.—Teoría do lume: definición de Combustión. Clasificación dos lumes atendendo á natureza do combustible e atendendo á velocidade de propagación.

Tema 2.—Diferenzas entre calor e temperatura. Mecanismos de transmisión do calor. Rango de inflamabilidade. Punto de inflamación. Punto de Incendio. Punto de autoinflamación.

Tema 3.—Principios xerais do socorrismo.

Tema 4.—Mecanismos de extinción.

Tema 5.—Axentes extintores: clasificación dos distintos axentes extintores. A auga como axente extintor: propiedades xerais, propiedades extintoras e posibles aplicacións. Chorros de auga contra o lume, tipos e características. Conceptos de “presión” e “caudal”. Instalacións móbiles: mangueras contra incendios, racores, reducións, bifurcacións.

Tema 6.—Extintores portátiles. Definición. Clasificación. Inspección e mantemento.

Emprazamento e Sinalización. Normas básicas de manexo dos distintos tipos.

Tema 7.—Parque Móbil: Vehículos tipo contraincendios, salvamento e especiais: clasificación, características, compoñentes, equipamento e dotación.

Tema 8.—Equipos de protección individual na extinción de incendios: casco, verdugo, chaquetón, cubrepantalón, botas, luvas, cinto de bombeiros e alarma persoal.

Tema 9.—Rescate de vítimas en accidentes de tráfico: Método xeral de actuación. Normas básicas de seguridade para os intervenientes. Secuencias na intervención. Técnicas de excarcelación.



Xoves, 3 de decembro de 2020

Núm. 234

Tema 10.—Equipos utilizados en excarcelación: funcionamento, compoñentes, características e mantemento dun equipo de separación e corte. Precaucións de uso da ferramentas de excarcelación.

Tema 11.—O motor diésel.

Tema 12.—O motor a gasolina.

Tema 13.—Sistemas de dirección dos vehículos.

Tema 14.—Sistemas de freado dos vehículos

Tema 15.—Sistemas de transmisión dos vehículos: embrague, caixa de cambios, diferencial e paliers.

Tema 16.—Sistemas eléctricos dos vehículos.

Pontareas, documento asinado electronicamente

O Alcalde,

Xosé Represas Giráldez

